

Solidariedade coas despedidas no Hotel Bahía de Vigo



A CGT da Coruña fixo onte unha **concentración** en solidariedade coas traballadoras **despedidas do Hotel Bahía de Vigo**. A principios do mes de maio, a dirección deste hotel decidiu despedir a 23 camareiras de habitación e subcontratar a Nortempo, unha empresa de traballo temporal a realización destas tarefas.

Nesta ocasión concentrámonos **ante o Hotel Blue da Coruña, que forma parte de Sercotel, a mesma cadea hoteleira que o Bahía**, e que non se pode desentender das prácticas antilaborais dos seus socios.

A CGT da Coruña seguirá apoiando ás compañeiras de Vigo e **non parará ata que sexan repostas con todos os dereitos laborais, sociais e salariais**. Nin o Hotel Bahía, nin Nortempo, nin Sercotel terán descanso ata que o conflito se amaíne.

SE TOCAN A UNHA TOCAN A TODAS!

HOTEL BAHÍA DESPIDE, SERCOTEL E NORTEMPO SON CÓMPLICES!

Comité Local da CGT da Coruña